



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 8 DE MAIO DE 2015

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/375/2014.- D. MANUEL RAVIÑA DEVESA.- Conceder a licenza para executar as obras de substitución de teito de pranta primeira e cuberta dunha vivenda sita na rúa Ponte do Sar (da), 11.

LIC/84/2014.- SUSANA GÓMEZ CALVIÑO.- Conceder a licenza para executar as obras de construción dunha edificación para almacenar apeiros agrarios en Braña de Arriba.

PARCELACION.-

LIC/1825/2014.- CARMEN GARCIA OTERO.- Parcelar, despois de realizar as operacións de segregación e agrupación unha parcela sita no lugar de Escarabuña, 11.

CADUCIDADE.-

LIC/107/2008 E LAP/14/2008.- DON RENT, S. L.- Inadmitir a trámite a declaración de nulidade da declaración de caducidade do expediente promovido polo solicitante da licenza para oficina de aluguer de vehículos na rúa Hórreo, 174 e rexeitar a solicitude presentada polo interesado de revogación e rectificación da declaración de caducidade do expediente promovido para oficina de aluguer de vehículos na rúa do Hórreo, 174.

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA.-

LIC/1969/2012.- Comunidade de Propietarios de Casas Reais 42 – 44.- Devolución da fianza depositada por importe de 2.500 € para responder da reposición dos servizos urbanísticos que resulten afectados como consecuencia da execución das obras autorizadas no expediente LIC/2144/2010 relativas á rehabilitación da cuberta dun inmovible sito na rúa Casas Reais (das), 42 – 44.

LIC/510/2014.- Joaquín Javier Gil De la Peña.- Aceptar a renuncia á licenza que lle fora outorgada por acordo da Xunta de Goberno Local na sesión do 13 de xuño de 2013 para executar as obras de rehabilitación da cuberta do edificio sito na rúa Casas Reais nº 10 e Ruela das Animas, 1 e declarar extinguida para tódolos efectos a licenza no seu día concedida e acceder á devolución da fianza depositada por importe de 1.200 € para responder da reposición dos servizos urbanísticos que resulten afectados como consecuencia da execución das obras autorizadas no expediente LIC/261/203 en Casas Reais nº 10, toda vez que as mesmas non foron executadas.

LIC/1974/2014.- José Antonio Vieites García.- Acceder á devolución da fianza depositada por importe de 1.500 € para responder da reposición dos servizos urbanísticos que resulten afectados como consecuencia da execución das obras autorizadas no expediente LIC/686/2010 relativas ás obras de construción dunha vivenda unifamiliar en rúa Vintecinco de Xullo (do), 52.

LIC/805/2009.- GUTIERREZ DE TERAN CASTAÑÓN, IVAN S. L. N.- Acceder á devolución da fianza depositada por importe de 1.000 euros para responder da reposición dos servizos urbanísticos que resulten afectados como consecuencia da execución das obras autorizadas no expediente LIC/2256/2007 relativas ás obras de reforma e ampliación de edificio para catro vivendas en rúa Pexigo de Abaixo (do) 18.

LIC/1780/2014.- URBAN PORTFOLIO INMOBILIARIO S. L.- Acceder á devolución do aval constituído por importe de 10.000 euros para responder da reposición dos servizos urbanísticos que resulten afectados como consecuencia da execución das obras autorizadas no expediente LIC/1643/2007 relativas ás obras de construción dun edificio e apertura do uso residencial comunitario para 36 unidades na parcela PR5 do Polígono 2 do SUP-3 en rúa Pontepedriña.

2.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á solicitude de licenza para executar as obras de construcións dunha edificación para almacenar apeiros agrarios en Braña de Arriba. (LIC/84/2014).

3.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á solicitude de licenza para executar as obras de substitución de teito de pranta primeira e cuberta dunha vivenda sita na rúa Ponte do Sar, nº 11. (LIC/375/2014).

4.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á solicitude de licenza para parcelar, despois de realizar as operacións de segregación e agrupación dunha parcela sita no lugar de Escarabuña, 11. (LIC/1825/2014).

Autorizáronse 3 licenzas:

- Unha, para a construción dunha edificación para almacenar apeiros agrarios na Braña de Arriba, cunha superficie de 50 m² e un orzamento de execución previsto de 7.950 euros.
- Outra, para a substitución de teito de planta primeira e cuberta de vivenda, na rúa Ponte do Sar (nº 11), cun orzamento de execución de 16.800 euros.
- E unha terceira, para parcelar dúas parcelas matrices no lugar da Escarabuña, que suman 14.268 m², co resultado de tres parcelas de 9.284 m², 1.260 m² e 3.724 m².

5.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á inadmisión a trámite da declaración de nulidade da declaración de caducidade do expediente promovido para oficina de aluguer de vehículos na rúa Hórreo, 174 e rexeitar a solicitude de revogación e rectificación da declaración de caducidade de dito expediente. (LIC/107/2008 e LAP/14/2008).

Acordouse non admitir a trámite a solicitude presentada por Don Rent, S.L. sobre a nulidade da declaración de caducidade do expediente dunha licenza para oficina de aluguer de vehículos na rúa Hórreo, 174 e, en consecuencia, rexeitar a solicitude de revogación e rectificación da declaración de caducidade que fora acordada mediante decreto do 13 de febreiro de 2009.

6.- Propostas da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativas a diversas devolucións de fianzas.

Accedeuse á solicitude de devolución de 5 fianzas formalizadas no seu día como garantía para a urbanización e reposición de servizos de diversas obras en distintos lugares do concello, por un importe conxunto de 16.200 euros.

7.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á concesión de axudas correspondentes á Fase 13 da área de rehabilitación integral de Casco Histórico. ANUALIDADE 2014.

8.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á concesión de axudas correspondentes á Fase 13 da área de rehabilitación integral de Casco Histórico. ANUALIDADE 2015.

Aprobáronse definitivamente 13 axudas para outras tantas vivendas da área de rehabilitación integral (ARI) do casco histórico, incluídas na 13ª fase do convenio entre o Ministerio de Fomento, o IGVS e o Concello de Santiago, por importe total de 77.393 euros. Catro destas axudas, por importe de 28.505 euros corresponden á anualidade de 2014 e as outras nove, por importe de 51.888 euros, corresponden á anualidade de 2015.

9.- Proposta da concelleira delegada da área de Cultura e Patrimonio relativa ao convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Cultural Francisco Asorey.

10.- Proposta da concelleira delegada da área de Cultura e Patrimonio relativa ao convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación do Traxe Galego.

11.- Proposta da concelleira delegada da área de Cultura e Patrimonio relativa ao convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Cultural O Galo.

Aprobáronse os textos dos convenios a subscribir polo Concello con tres entidades culturais para colaborar economicamente no financiamento das súas actividades: á Asociación Cultural "Francisco Asorey" asígnanse 2.000 euros para a preparación do primeiro volume do catálogo da obra artística do escultor; para a "Asociación do Traxe Galego", destínanse 3.825 euros dirixidos á realización de diferentes cursos, participación en desfiles e mostras, edición dun boletín de novas e formación dunha base documental e fondo de traxes; por último, o convenio a subscribir coa "Asociación Cultural O Galo" recolle 2.000 euros para distintas actividades (roteiros, visitas guiadas, presentacións, exposicións...) na súa maioría de temática compostelá.

12.- Proposta da concelleira delegada da área de Cultura e Patrimonio relativa á adxudicación do contrato "Concerto EMIR KUSTURIKA & TINSON".

13.- Proposta da concelleira delegada da área de Cultura e Patrimonio relativa á adxudicación do contrato "SANTIAGO 40 POP FIESTAS DE LA ASCENSIÓN".

Adxudicáronse dous contratos privados de patrocinio publicitario para os concertos de "Santiago 40 Pop Fiestas de la Ascensión con Auryn, Dvicio + Sesión DJ's" e "Emir Kusturika & Tnso". No primeiro caso, a favor da Sociedade Española de Radiodifusión, S.L., por un

importe de 33.800 euros; e no segundo caso, a favor da empresa I-RADIA CREA, S.L., por importe de 44.770 euros. Ambos concertos terán lugar os días 14 e 16 de maio, respectivamente, dentro do programa das Festas da Ascensión 2015.

15.- Proposta do concelleiro delegado da área de Seguridade e Mobilidade relativa á prórroga do orzamento 2013 de TRALUSA.

Acordouse prorrogar o orzamento da concesionaria do transporte municipal urbano colectivo de viaxeiros TRALUSA correspondente ao ano 2013, coa revisión do prezo por quilómetro en función da previsión do IPC para o ano 2015 (-0,4%).

A prórroga faise en función do disposto no prego de condicións que rexe o contrato subscrito en febreiro de 2006 e mentres non se estableza a liquidación final do custo do transporte urbano en 2014, que permita a aprobación do orzamento para o ano actual.

Como consecuencia dos cálculos realizados, o déficit previsto de explotación sería de 3.442.634 euros, cantidade da que –segundo as condicións do contrato- o Concello debe facer unha compensación anual de entregas a contar desde o 1 de xaneiro de 2015 de 3.098.370 euros, que equivale ao 90% do déficit previsto. Iso supón doce pagamentos mensuais de 258.197 euros.

16.- Proposta da concelleira delegada da área de Servizos Sociais relativa á interposición de recurso de reposición da Xunta de Goberno contra a resolución da Deputación Provincial da Coruña pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes ao programa FOIO0B: Convocatoria do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais da provincia para o desenvolvemento de políticas de igualdade entre mulleres e homes de loita contra a violencia de xénero ano 2015.

Acordouse a interposición dun recurso de reposición contra a resolución da Deputación da Coruña que aproba a concesión definitiva das subvencións da convocatoria dun programa para o desenvolvemento de políticas de igualdade entre mulleres e homes e de loita contra a violencia de xénero no ano 2015. A Xunta de Goberno pretende que o organismo provincial revise o expediente presentado no seu día polo Concello para optar a estas axudas e que manteña a subvención de 9.855 euros concedida inicialmente para un programa de prevención, sensibilización e identificación da violencia de xénero a través da web do Concello de Santiago.

17.- Proposta da concelleira delegada da área de Servizos Sociais relativa á dazon de conta da Avaliación do III Plan de Igualdade do Concello de Santiago de Compostela 2009-2011, prorrogado ata 2014.

Por parte da concelleira delegada de Servizos Sociais deuse conta da elaboración do informe-avaliación do III Plan de Igualdade de Concello de Santiago que foi aprobado en 2009 que foi prorrogado ata decembro de 2014. No informe sinálase que o Plan tivo un nivel medio de implementación, onde as medidas con menor desenvolvemento corresponden ás esferas laboral e convivencial e as de maior grao de execución foron as referidas ás esferas sociocomunitaria e de cooperación institucional.

18.- Proposta da Concelleira Delegada da área de Servizos Sociais relativa a axudas de carácter social.

Denegáronse 2 axudas dentro do programa de Medidas de Apoio para a Prevención e Integración Social (MAPIS), por estar percibindo a RISGA e seren incompatibles con ela.

19 a 36.- Proposta do concelleiro delegado de facenda relativa a beneficios fiscais.

Concedéronse 18 beneficios fiscais dos cales 12 pertencen ao imposto do incremento de valor dos terreos de natureza urbana, 4 ao imposto do lixo e 2 ao imposto de bens inmobles.

37.- Proposta do concelleiro delegado da área de Facenda relativa ao rexeitamento de recurso de reposición interposto por Dona María del Carmen Cervelo Pardo contra acordo da Xunta de Goberno de data 24.10.14.

Rexeitouse un recurso de reposición contra un acordo da Xunta de Goberno Local do 24 de outubro de 2014 mediante o que se denegaba unha bonificación do 50% no imposto de tracción mecánica a un vehículo por non cumprir os requisitos esixidos.

38.- Proposta do concelleiro delegado da área de Facenda relativa á denegación de exención no Imposto sobre Bens Inmobles a Dona.Margarita Casilda Castro Rey.

Denegouse a exención do imposto sobre bens inmobles a un inmoble por non atoparse dentro do grupo de edificios catalogados como nivel 1 no Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Cidade Histórica.

39.- Proposta do concelleiro delegado da área de Facenda relativa a rectificación acordo inicial de 6.2.15 sobre bonificación no IBI a familias numerosas. (TXX/789/2014).

Acordouse a rectificación dun erro detectado nun acordo da Xunta de Goberno de febreiro pasado que afectaba a unha bonificación do IBI para un inmovible, no senso de estender a súa eficacia non só ao período impositivo do 2015, como se recollía no texto do acordo, senón tamén ao período 2014.

40.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda relativa á concesión de exencións na taxa pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

Concedéronse un total de 32 exencións de taxas pola subministración de auga, saneamento, depuración e servizo de recollida de lixo, por cumprir os requisitos esixidos e durante determinados períodos, mentres se manteñan as condicións que motivaron o outorgamento.

41.- Proposta do concelleiro delegado da área de Réxime Interior e Administración Pública (área Contratación) relativa á aprobación do expediente denominado "Servizo de mantemento da aplicación informática de xestión de persoal e recursos humanos ÉPSILON (do GRUPO CASTILLA) do Concello de Santiago de Compostela".

42.- Proposta do concelleiro delegado da área de Réxime Interior e Administración Pública (área Contratación) relativa á aprobación do expediente denominado "Servizo de mantemento da aplicación informática de xestión contable e orzamentaria SICALWIN (da empresa AYTOS SOLUCIONES) do Concello de Santiago de Compostela".

Acordouse a apertura do procedemento de adxudicación, polo procedemento negociado sen publicidade, de dous servizos: un, para o "Mantemento da aplicación informática de xestión de persoas e recursos humanos EPSILON (do Grupo Castilla)", cun tipo de licitación de 10.613 euros; e outro, para o "Mantemento da aplicación informática de xestión contable e orzamentaria SICALWIN (da empresa Aytos Soluciones)", cun tipo de licitación de 11.056 euros. En ambos casos o procedemento de contratación adoptado xustifícase atendendo aos informes municipais que sinalan que "por motivos tanto técnicos e comerciais" cada un deses servizos só pode ser prestado por unha única empresa.